

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do 26 de outubro do 2016, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Aprobar provisionalmente para o exercicio 2017 e seguintes a modificación dos artigos 5 e 6 da Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa pola rede de sumidoiros.

A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da Ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

Cambre, 27 de outubro de 2016.

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2016/9002